

# Os primeiros artigos xornalísticos de Carlos Casares (*La Región*, 1968-1974)

HÉCTOR CAJARAVILLE

## 1. Traxectoria de Carlos Casares como articulista

Carlos Casares asinou durante case catro décadas textos de opinión en diversos xornais. Nesta vertente profesional, a súa consagración veu da man do diario *La Voz de Galicia*, onde Casares empezou a colaborar en 1975 e no que, a partir de 1988 e ata a súa morte en 2002 mantivo a sección «Á marxe», sen dúbida a de maior éxito, difusión e acordanza da historia da prensa galega.

Pero hai un Carlos Casares columnista anterior a esta xeira: entre 1968 e 1974 o ourensán publicou colaboracións no diario da súa provincia, *La Región*, ao comezo de forma esporádica e a partir de finais de 1972 con periodicidade semanal. Neses últimos dous anos a sección de Casares pasa a chamarse «Con esta lupa» e constitúese a partir de retratos de persoeiros da época, algúns deles dos ámbitos galego e nacional, pero sobre todo do internacional, principalmente políticos.

Con anterioridade a esta serie (nos anos 1968-1972), as colaboracións de Casares en *La Región* raramente tiñan cariz político (aínda que algunha se pode atopar) e abordaban temáticas de ampla disparidade, ao xeito das que logo realizaría para *La Voz de Galicia*. En Valcárcel 2002 recóllese unha vintena destes textos, os primeiros artigos asinados por Casares nun diario de ampla difusión, por máis que xa antes apareceran textos da súa autoría nas revistas ourensás *Fin de semana* (1962-63), *Aula* (1963) ou *Miña fala* (ata 1969).

A traxectoria posterior é moito máis coñecida: a partir de 1975 empeza a publicar as súas colaboracións en *La Voz de Galicia*, primeiro baixo o título «A ledicia de ler» (no suplemento «Cuaderno de Cultura» e centradas no mundo da literatura ou das artes en xeral) e despois na célebre «Á marxe» (1988-2002, diaria a partir de 1992). O último artigo de Casares publícase o 9 de marzo de 2002, data do seu pasamento.

A maiores, non eran infrecuentes as súas achegas a revistas e semanarios como *Teima*, *Man Común*, *A Nosa Terra*, *Grial* (da que era director), ou xornais de difusión nacional como *ABC* ou *El País*. En definitiva, case corenta anos de presenza pública nos medios de comunicación, sempre compatibilizada co seu labor de novelista.

## 2. Xornalismo vs. literatura

Ao estarmos a falar dun autor que durante toda a vida simultaneou o traballo periodístico e mais o literario, resulta inevitable abordar unha cuestión: cales son os límites entrambos os xéneros? Pode considerarse o xornalismo de creación parte de pleno dereito da literatura ou son xeitos de comunicar independentes e con mecanismos e recursos específicos? E, no caso que nos ocupa, eran ou non literatura os artigos que Casares publicaba nos xornais?

Non é doado establecer a fronteira entrambas as dúas actividades, vinculadas en maior ou menor medida á interpretación do mundo, ao gusto estético e á necesidade de comunicar. Así, esta concepción do traballo como columnista de a cabalo entre o periodismo e a literatura vai ser referendada por varios estudosos do extenso labor de Carlos Casares nos diarios, os cales coinciden en salientar o esforzo creador (a vontade de estilo) que latexa tras a súa faceta xornalística:

A escrita de Casares podémola definir como mixta, pois nela bórranse as lindes dos xéneros. Carlos fai periodismo sen renunciar á literatura. A naturalidade colore a canto escribe e é a esencia do seu estilo limpo, exacto e de grande eficacia narrativa (Carro 2003: 142).

Para o escritor o columnismo non era un irmán menor da literatura e dedicoulle, cando menos, o mesmo esforzo que ás súas obras de ficción literaria (Valcárcel 2003: 184).

Á fin, é o propio Casares quen confirma o innecesario (talvez o absurdo) que resulta establecer diferenzas entre o seu labor xornalístico e o especificamente literario:

Os artigos enfoqueinos tamén como unha parte da miña obra literaria. Escribo un artigo como un conto ou a páxina dunha novela (Valcárcel 2002: 116. Extracto dunha entrevista realizada por Raquel Feijoo no diario *La Región* o 1 de febreiro de 1999, baixo o título «Carlos Casares crea “Un país de palabras”»).

Para non consumir excesivo espazo arredor dunha cuestión que vai alén do obxectivo deste artigo, e para deitar luz sobre esta disquisición, remitímonos ao texto de Xosé Antonio Neira Cruz que acompaña a recompilación das últimas colaboracións de Casares en *La Voz de Galicia* (as do ano 2002), onde se profunda na imposibilidade de diferenciar dous conceptos tan imbricados e interdependentes como son literatura e xornalismo:

os siameses que seguen prendidos por dous apéndices para ambos irrenunciáveis: palabra e creación (prólogo de X. A. Neira Cruz en Casares 2003: 11).

### 3. Transvasamento do castelán cara ao galego

Carlos Casares comeza a súa traxectoria como articulista en *La Región* escribindo en castelán. Estamos a falar dun medio que tiña (aínda ten, como todos os diarios galegos en soporte papel) o castelán como lingua preferente, e dunha época en que os espazos de uso reservados ao galego están moi lonxe dos medios de comunicación e se moven máis na liña do folclórico ou, como moito, dunha lírica enxebre e/ou festiva.

Teremos que chegar ata setembro de 1972 para atopar o primeiro texto en galego de Casares en *La Región*. Trátase do pregón á festa do magosto dese ano, reproducido íntegro nas páxinas do xornal ourensán. Non deixa de ser un episodio circunstancial, pero tamén anunciador do que axiña viría: coincidindo coa posta en marcha da sección «Con esta lupa», só uns meses despois, o galego pasará a ser a lingua habitual nas súas colaboracións.

De que xeito conviven ambos os idiomas no proceso de aprendizaxe vital de Casares? El mesmo o explica na entrevista que lle concedeu a Víctor F. Freixanes para o libro *Unha ducia de galegos*:

No ano 44 ou 45 fomos vivir de Ourense a Xinzo, e alí aprendín un galego vivo, que falaba o meu pai e que se falaba ao meu redor, xunto ao castelán da miña nai. Neste senso, a miña nenez poderíamos dicir que foi bilingüe, pero eu expreseime de sempre moito mellor en galego. Ao chegar á escola primeiro e ao seminario despois (porque eu, como tantos outros rapaces de aldea ou vila de Galicia, estiven no seminario) supuxo para min unha imposición da lingua castelá. Pero imposición non tópica, porque alí a imposición era violenta, con castigo (Freixanes 1976: 281).

Xa o apunta Casares na cita que acabamos de reproducir: a súa escolla non obedece unicamente a unha cuestión de naturalidade ou conforto no emprego da lingua en que se sente máis cómodo, senón que se debe tamén a un posicionamento consciente ante a marxinação

do galego alén do seu uso coloquial, mesmo cun aquel de rebeldía, de vinganza ou de axuste de contas co pasado:

[No seminario] estaba absolutamente prohibido falar galego. E aquilo era aínda máis paradoxal e grave canto a meirande parte dos seminaristas eran galegofalantes, de procedencia rural. Cada vez que dicías unha palabra en galego tiñas que escribir mil, cinco mil, dez mil veces: «No hablaré gallego, no hablaré gallego, non hablaré gallego, etc.», pero tamén había unha reacción contraria: a dos rapaces que fixemos da lingua unha sorte de liberación clandestina e sentiamos un pracer escuro no falar a escondidas o idioma que a maioría aprendera nas súas casas. Eu cheguei a deber milleiros de copias, millóns de copias de «no hablaré gallego» (Freixanes 1976: 282).

O galego de Carlos Casares (o «galego vivo», como el mesmo o define) foi motivo de permanente discusión, e as críticas polo emprego dun léxico contaminado polo castelán ou polo seu desleixo na observancia das regras ortográficas acompañárono toda a vida. Mais foi o propio autor o primeiro en recoñecer que a súa opción non era a máis «pura», interesado por riba de calquera outra premisa en que os seus textos fosen entendidos sen dificultade pola maior cantidade posible de lectores:

A Casares criticóuselle máis dunha vez, en coloquios e charlas, que non seguise o estándar normativo da lingua ou que incluíse castelanismos nos seus espazos do xornal: el mesmo se xustificaba dicindo que quería acceder a un lector non formado na lectura en galego e que prefería manter un castelanismo usual, nalgunhas ocasións, antes que introducir un vocabulario que dificultase ou impedise a lectura das súas columnas (Valcárcel 2003: 186).

Así o explicaba o propio autor (o texto fai referencia á súa faceta como novelista pero, polo xa apuntado anteriormente, pode extrapolarse a estouta actividade de articulista):

Que queres que che diga? Si, hai castelanismos. A meirande parte deles son conscientes, outros non [...] Quería unha linguaxe que chegase á xente, que non ofrecese demasiadas dificultades ao lector, porque hai que rescatar, conquistar lectores (Freixanes 1976: 287).

Por riba de opcións ou variantes, e dunha suposta corrección lingüística (suposta no sentido de que a norma aínda estaba en pleno proceso de consolidación na altura en que escribía os seus artigos), o que resulta evidente é que Casares pasou a empregar o galego desde 1972 (aínda na ditadura franquista) por compromiso cunha lingua minorizada, marxinalizada, mesmo prohibida, e á que xa non renunciaría:

Escribo cunha clara conciencia política fronte ao castelán, que é a lingua imposta. Isto téño moi claro. O bilingüismo non o acepto, ao máis podo desculpalo, e non sempre [...]. A lingua dos galegos é o galego e eu, dende o meu oficio de escritor, estou a defender esa lingua con todas as miñas forzas e todos os meus coñecementos (Freixanes 1976: 293-294).

#### **4. «Con esta lupa», testemuño dunha época**

Os textos de «Con esta lupa» comezan a publicarse en decembro de 1972 (o primeiro é o dedicado á primeira ministra israelí Golda Meir) e chegan ata setembro de 1974 (o derradeiro ten o político español Joaquín Ruiz-Giménez como protagonista). Os textos ían sempre acompañados por unha caricatura realizada polo debuxante ferrolán Siro López, quen logo se referirá a esta sección como «o primeiro espazo de política internacional en galego»

(Valcárcel 2002: 83). O conxunto abrangue trinta e tres retratos dos que vinte se corresponden con personaxes de ámbito mundial, nove do nacional e tan só catro do galego.

Na sección «Con esta lupa» comparecen os persoeiros de maior dimensión e transcendencia política naquel turbulento comezo da década de 1970 en que foron escritos. Así, non faltan nestes retratos os norteamericanos Nixon e Kissinger, co soviético Breznev no outro extremo, a carón de Mao Tse Tung ou Indira Gandhi; os chilenos Allende, Pinochet e Neruda ou o arxentino Héctor Cámpora; os franceses Pompidou e Mitterrand ou o alemán Willy Brandt; os grandes líderes de Oriente Medio: a xa citada Golda Meir, Anuar el Sadat, o xa de Persia ou o rei Hussein de Xordania; personaxes de sociedade como a princesa Ana de Inglaterra, do deporte como Eddy Merckx ou do cinema como John Ford e Marlon Brando.

Entre os de ámbito nacional atopamos políticos (o xa mencionado Ruiz-Giménez), compositores (Pau Casals), escritores (Ramón J. Sender) ou relixiosos como o cardeal Tarancón e monseñor Añoveros, ademais de figuras de gran calado popular como o tenista Manuel Orantes, o humorista Forges, o cantante Peret ou o fuxitivo Eleuterio Sánchez, *El Lute*. Só catro galegos forman parte do elenco de personaxes retratados: Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Celso Emilio Ferreiro (os tres amigos e mestres de Casares, aos que dedica senllos artigos eloxiosos) e o boxeador José González Dopico.

Esta preponderancia das figuras de talle internacional demostra o espírito desta sección de transcender o contexto máis próximo ao lector e converterse nun espazo de análise da convulsa actualidade do mundo naqueles estertores do colonialismo e a Guerra Fría e nos albores da inminente crise enerxética e do florecemento das ditaduras de América do Sur.

A columna de Casares era un punto de encontro no que calquera personaxe do momento podía converterse en protagonista, o que fai da sección «Con esta lupa» un testemuño de gran valor e que demostra o compromiso do autor co complexo momento histórico que se estaba a vivir naqueles primeiros anos da década de 1970.

## 5. Posicionamento do autor

O primeiro que sorprende na lectura dos retratos que conforman «Con esta lupa» é a implicación de Casares co contexto internacional en que se desenvolve a súa xuventude. Nas súas colaboracións posteriores resultará máis difícil atopar fragmentos en que se poña de manifesto tan claramente a súa opinión sobre a actualidade política ou social, pois a deriva das columnas cara ao persoal, as lembranzas ou as reflexións íntimas van facer que esas referencias “ideolóxicas” non abrollen tan xenerosamente. Por ese motivo, Xavier Carro dirá o seguinte sobre os artigos de Casares en *La Voz de Galicia*:

as súas opinións políticas refugan toda clase de experimentos e veleidades perigosas, asentándose na experiencia e desbotando posturas maximalistas, utópicas ou revolucionarias que xerasen odio. A única política aceptable era, para el, aquela que estaba contra a dor humana. Carlos foi sempre un home impregnado do pensamento camusiano e defensor da persoa [...], de aí a súa valentía para condenar os réximes totalitarios (Carro 2003: 143).

Todo o contrario do que Marcos Valcárcel conclúe a partir dos textos de *La Región* que serven de base para este estudo:

Unha posición moi ideoloxizada e radical, a xeito cos tempos que lle tocaba vivir, con teses moi críticas co poder político norteamericano e solidarias cos países que loitaban pola democracia e a liberdade ao longo de todo o mundo (Valcárcel 2003: 182).

Ninguén mellor ca Siro, o coautor da serie, para definir o Casares daqueles primeiros anos:

Os textos que puxo a algunhas caricaturas aínda hoxe resultan conmovedores; os de moitas outras demostran a firmeza das súas conviccións políticas, e a coraxe para proclamalas [...] o Casares un chisco ácrata, no que era doado intuír o grande escritor que logo foi. Para os máis novos [...] estou certo de que esta sección lles dará outra imaxe que quizais non poderán descubrir no autor de éxito, no home con responsabilidade en empresas e en institucións: a do Casares idealista, que, na miña opinión, nunca deixou de ser (Valcárcel 2002: 84).

Non hai que pescudar en exceso para atopar exemplos desa implicación confesa e explícita de Carlos Casares nos acontecementos sobre os que fala na sección «Con esta lupa»: antiimperialismo, defensa das correntes anticoloniais, solidariedade cos desfavorecidos e os sometidos... Nesta primeira xeira de colaboracións na prensa, o xove escritor (lembramos que Casares ten daquela unha idade próxima á trintena) non disimula o seu posicionamento:

Alende terá dado ó mundo unha lección de lealtade e compromiso coa palabra dada ao seu país antes das eleccións: iniciar a construción do socialismo sin traicionar á Constitución. Outra cousa é xa se tal lealtade é posible fronte a un enemigo poderoso que non cre neses valores a non ser que sirvan ós seus intereses. E desta vez non os sirven (*La Región*, 15-7-1973, en Valcárcel 2002: 59).

na terra de Mao, o poeta que arrincou ó seu pobo da miseria e convertiuno, en pouco máis de vinte anos, nunha potencia mundial (*La Región*, 2-9-1973, en Valcárcel 2002: 65).

A pombiña da Paz, que cada ano sai de Oslo cunha mensaxe branca para tódolos homes, anda desnortada. Desta vez mandárona a pousarse sobre a cabeza de Kissinger, xusto no momento en que os Estados Unidos entregan toda clase de armas de guerra a Israel (*La Región*, 28-10-1973, en Valcárcel 2002: 69).

É dicir, estamos ante un Casares ao que non lle resulta incómodo ou embarazoso situarse ante aquilo sobre o que fala, e que mesmo poderíamos concluír que realiza a escolla de personaxes que configuran a súa sección para, a través do retrato que confecciona de cada un deles, ofrecer a súa propia visión do mundo.

## 6. Trazos recorrentes no Casares articulista

Non é doado atopar puntos de conexión entre o Casares de *La Región* e o que despois publicará as súas colaboracións en *La Voz de Galicia*. Isto débese principalmente á natureza da serie «Con esta lupa»: retratos persoais de personaxes de actualidade, un punto de partida moi afastado do intimismo e do gusto polo cotián que caracterizan a achega diaria en «Á marxe», onde se mostrará con toda a forza a súa capacidade para sacar á luz o poder de sedución e fascinación que se agocha nas pequenas cousas, baixo o suceso trivial e próximo, tras os individuos máis aparentemente intrascendentes:

Decátase das cousas insignificantes e sabe ler nelas xa que tamén esconden indicios importantes para acalar visións da realidade. A miudeza segue sendo para Casares ese anaquiño de realidade cargado de significados polos que se nos revela o universo. O pequeno roza a perfección. A síntese é un esforzo pola esencialidade. O pequeno vén definido pola harmonía das proporcións e refuga todo exceso (Carro 2003: 141).

Pero alén da ausencia destas microhistorias extraídas do día a día do autor, que logo devirán cerna do universo casariano, si son rastrexables algúns trazos en común coa súa obra

posterior nos artigos escritos entre 1968 e 1972, nos que se abordan temáticas máis variadas e desde unha maior liberdade creativa que os da sección «Con esta lupa» (1972-1974). Vexamos algúns deles (en parte adiantados xa por Víctor F. Freixanes no prólogo a Valcárcel 2002):

- **A importancia das palabras:** a esta cuestión dedica artigos enteiros, como o primeiro que aparece na recompilación de Valcárcel 2002, titulado «La crisis de la palabra» e do que extraemos estas liñas:

Asistimos a una crisis de la palabra. Pero es esta una crisis particularmente grave porque la palabra pertenece a ese centro insobornable del hombre contra el que no se puede atentar sin caer en los dominios de la deshumanización. Por eso el atentado [...] contra la palabra nos aparece como la más imperdonable de las violaciones puesto que corrompe el diálogo y la posibilidad de comunicación entre las personas (*La Región*, 8-3-1968, en Valcárcel 2002: 19).

Ou o delicioso «Salvar las palabras»:

Debió haber una época en que las palabras eran tan recientes que cuanto con ellas se nombraba tenía como un sabor fresco de fruta nueva [...] Después las palabras empezaron a envejecer, aprendieron las sinuosas curvas de la serpiente y se quedaron sin su recta inocencia original [...] ¡Qué hermosa, joven y difícil tarea ésta de devolver el nombre a cada cosa [...]! (*La Región*, 22-3-1970, en Valcárcel 2002: 25).

- **O respecto pola diversidade:** máis adiante serán tolos, eivados ou personaxes excéntricos quen protagonicen os textos de Casares, pero nesta época de compromiso co seu tempo tamén se albisca esta visión tolerante, libre de prexuízos e dogmatismos:

Como es lógico, los negros están indignados porque empiezan a cansarse de sufrir tantas violencias. Ellos saben muy bien que existen dos tipos de violencia: la violencia solapada y silenciosa, la que ejercen los blancos sobre los negros al negarles el derecho a entrar en los mismos lugares, a subir en los mismo autobuses [...] y la otra violencia: la del que está ya harto de ser apaleado y dice basta («Carta abierta a Dios», *La Región*, 15-3-1968, en Valcárcel 2002: 20).

- **A reivindicación do espírito crítico:** a figura de Albert Camus, do que Casares se considera debedor e que devén referencia constante na súa obra xornalística, centra o artigo «Albert Camus: pequeño homenaje», polo décimo aniversario do pasamento do pensador galo:

queremos rendir homenaje a un escritor francés [...] que había convertido su vida en una apuesta a favor del hombre, al servicio de todo cuanto lo enaltece y en contra de todo cuanto lo degrada (*La Región*, 24-1-1970, en Valcárcel 2002: 24).

- **A denuncia dos problemas de identidade cultural do país:** por unha banda os de cara a dentro, é dicir, os dos propios galegos, como os que se describen en «Un libro de Taboada Chivite» (1972 –non se especifica data exacta–, en Valcárcel 2002: 45), onde se critica o seguinte:

La cultura espiritual de Galicia –lo mismo que la material, la literaria y todo lo demás, incluida Rosalía y varios cientos de etcéteras– suena a materia china o jeroglífico a un sector muy amplio, paradójicamente llamado culto, de nuestra sociedad.

E por outra banda os de fóra, os que proveñen do desleixo e da imaxe deformada que no resto de España teñen con respecto á cultura galega. Neste caso serve como exemplo o artigo «La antología esa» (*La Región*, 2-9-1972, en Valcárcel 2002: 39), no que se describe a falta de fidelidade e respecto con que se realizou unha antoloxía da poesía galega por parte dunha editorial madrileña:

traduce peroliñas –diminutivo de «pérolas», que significa «perlas»– por «cazuelitas», y así el verso «Se me chora de amor peroliñas» se convierte en «Si me llora de amor cazuelitas»... lo que a mí me parece demasiado llorar.

- **A defensa dunha pedagogía renovadora e igualitaria:** a ruptura coa educación totalitaria e adoutrinadora, tan propia do franquismo, será unha constante durante a súa longa traxectoria como articulista, e resulta patente en artigos como «Lo dicen ellos», do que procede este extracto:

Y como fondo, una sociedad que elige no a los mejores, sino a los Pierinos [paradigma do neno de familia podente], de todas partes, seleccionados ya antes de nacer por la potencia cultural de los cromosomas de papá. ¡Qué oportunidad les queda a los que [...] han de luchar luego con inferioridad en un combate cuyo vencedor ha sido designado de antemano? (*La Región*, 17-6-1972, en Valcárcel 2002: 36).

- **O discurso da tolerancia:** albíscase en textos coma «Una voz ronca», no que se analiza a visión da *Celestina* como un libro «inmoral», a xuízo dalgúns críticos da época:

Motejar a *La Celestina* de obra inmoral y poco recomendable es un acto hermano del que prohíbe a Unamuno por hereje. No quiero decir que en la obra de Unamuno no haya herejías, o que en *La Celestina* no se describan inmoralidades [...] más allá del detalle en sí, por encima de la afirmación heterodoxa o de la frase gruesa y las palabras secretas, está la nuez de un pensamiento noble y una voluntad artística felizmente realizadas (*La Región*, 28-3-1973, en Valcárcel 2002: 50).

Pódese observar xa nalgunha das citas achegadas, pero non está de máis facelo explícito: o recurso permanente ao humor será outros dos sinais de identidade da prosa xornalística de Casares. Un humor un tanto descrido e por veces tinguido de certo pesar, tan propio da idiosincrasia de noso.

Entre os artigos publicados en *La Región*, esta mestura de crítica aceda e ironía acada a súa máxima expresión en textos como «Escribir *El Quijote* de chiripa» (24-5-1972, en Valcárcel 2002: 33), no que se fala sobre o plaxio do traballo doutros doutores por parte do daquela célebre psiquiatra López Ibor; ou «Los subdesarrollados europeos» (9-6-1972, en Valcárcel 2002: 35), no que se analiza a realidade política do continente desde a suposta superioridade que lle outorga a España ser «a reserva espiritual de Europa».

## 7. Conclusións

1. Ante todo, cabe salienta o espírito pioneiro da sección «Con esta lupa», serie de artigos que constitúe a cerna do traballo como columnista de Carlos Casares en *La Región*. Trátase do primeiro intento por analizar e interpretar desde a prensa galega (e en galego) a realidade política internacional de forma sistemática, independente e comprometida; e ademais desde

unha óptica novidosa e orixinal, tomando como punto de partida o retrato dos seus protagonistas e co complemento dunha caricatura obra do debuxante Siro López.

2. Ese compromiso do que se falaba na aliña anterior é outro dos trazos característicos deste período de transición desde a xuventude á primeira madurez do autor. Nos seus artigos (sobre todo nos de análise política), Carlos Casares involúcrase naquilo do que fala dun modo que será difícil atopar nas súas colaboracións futuras. Aliñamento co antiimperialismo, denuncia da política de conveniencia, solidariedade cos desfavorecidos e os sometidos, defensa das correntes anticoloniais... son algunhas das cuestións ante as que Casares se sitúa con maior claridade nestes primeiros tempos de escrita pública, e que logo se esvaecerán nunha temática máis íntima e vinculada á proximidade xeográfica e sentimental do autor.

3. Porén, outros trazos si son comúns a toda a súa obra posterior: a importancia e o valor das palabras, a reivindicación do espírito crítico, o discurso da tolerancia e o respecto pola diversidade, a defensa dunha pedagogía aberta e igualitaria ou os problemas de identidade cultural do país son ítems que se poden pescudar de xeito transversal no labor xornalístico de Casares tanto nesta primeira etapa como nas posteriores.

4. Para o autor (así o declara el mesmo) as súas colaboracións en prensa e as súas novelas non son máis que diferentes concrecións dun proxecto común, e o xeito de enfrontar o labor creativo nun caso e mais no outro non difire máis alá do que obrigan a natureza dos distintos soportes e o carácter inmediato e de análise da actualidade propios do labor xornalístico.

5. Finalmente, a aposta polo galego de Carlos Casares consolídase durante o período estudado neste traballo. Os primeiros artigos en *La Región* están escritos case exclusivamente en castelán, pero a partir de finais de 1972, coa creación da sección «Con esta lupa», será o galego o idioma empregado xa de xeito permanente para as súas colaboracións en prensa.

## 8. Bibliografía

- CARRO, Xavier (2003): «Un escritor na marxe de cada día», en Francisco Díaz-Fierros e Henrique Monteagudo (coords.), *Carlos Casares. A semente aquecida da palabra*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 139-144.
- CASARES, Carlos (2003): *Á marxe, palabra de escritor*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da USC. Inclúe a introdución «O loito en branco dunha páxina de xornal», de Xosé A. Neira Cruz.
- CASAS, Arturo (2003): «Poética da marxe. Retratos e variantes fisiognómicas nas columnas xornalísticas de Carlos Casares», en Francisco Díaz-Fierros e Henrique Monteagudo (coords.), *Carlos Casares. A semente aquecida da palabra*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 145-153.
- FREIXANES, Víctor F. (1976): *Unha ducia de galegos*. Vigo: Galaxia. Este volume de entrevistas inclúe unha conversa entre o autor e Carlos Casares («Os dereitos do escritor», pp. 273-294).
- VALCÁRCEL, Marcos (2002): *Carlos Casares, punto de encontro: lembranza e homenaxe desde Ourense*. Ourense: Concello de Ourense. Inclúe o prólogo «O primeiro Casares», de Víctor F. Freixanes.
- VALCÁRCEL, Marcos (2003): «Carlos Casares: o escritor nos xornais», en Francisco Díaz-Fierros e Henrique Monteagudo (coords.), *Carlos Casares. A semente aquecida da palabra*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 181-187.